

Os hemisferios, María do Cebreiro

Silvia Bermúdez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BERMÚDEZ, SILVIA (2011 [2006]). “*Os hemisferios, María do Cebreiro*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 195. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1149>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BERMÚDEZ, SILVIA (2006). “*Os hemisferios, María do Cebreiro*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 195.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Os hemisferios

María do Cebreiro

Vigo: Galaxia, 2006

SILVIA BERMÚDEZ

Divididos, segundo categorías xeográficas, nas dúas metades do planeta, os hemisferios evocan e convocan, simultaneamente, norte/sur e oriente/occidente a partir de liñas divisorias —xa sexa o ecuador, xa un meridiano— que os delimitan e enlazan. As coordenadas xeográficas metaforizan unha rosa dos ventos e, a través delas, María do Cebreiro (Santiago, 1976) invítanos a visitar uns *Hemisferios* deseñados con palabras que exploran o entrecruzamento de liñas e buscas expresivas, onde a poesía dialoga con outras esferas artísticas, experimenta coa enunciación doutras voces, para anovarse e, así, trazar novos espazos concéntricos, novas órbitas de experimentación. A orixinal proposta, coa súa evocación do espazo, do tempo, do corpóreo e corporal ao xeito das *performances*, é unha invitación a visitar paraxes e paisaxes, alleas e familiares, da terra e do noso sistema solar que se abren ante nós cal galaxias por acadar, con ese golpe de misterio e de cotián que teñen as palabras da tribo.

A importancia da *performance n'Os hemisferios* foi resaltada por Helena González Fernández en “Cuando la poeta emula a Kepler” (GRIAL 174, 2007) ao explicar que o poemario non pode deixar de lerse á luz, e ao contraluz, do proxecto desenvolvido por María do Cebreiro e pola artista portuguesa Joana Pimentel (Porto, 1971) no 2006. Trátase de sete fotografías que levan por título *Hemisferios series* e onde os versos de María do Cebreiro semellan flotar, xa sexa para escapar, xa para estirar ou empurrar a figura feminina vestida de negro que recollen os fotogramas de 120x120 que poden visitarse en www.galeriapedrooliveira.com/archive/artists/joana_pimentel/joana_pimentel.htm. Así, os versos de poemas como “A natureza”, “A diferenza”, ou “O poema” ondean no traballo de Joana Pimentel para logo tamén flotar na vía láctea lírica que conforman *Os hemisferios*. Cabe aclarar que algúns dos poemas-viaxeiros, aqueles que van das fotografías de Pimentel ao poemario de María do Cebreiro, se transforman, cambian, no seu transitar dun medio a outro. Este é o caso dos versos no fotograma JPM 150, que aparecen no traballo da artista portuguesa co título “Eucaliptos” e se transfiguran n’“Os eucaliptos” na colección da poeta galega. No proceso de translación artística desaparecen n’*Os hemisferios* certos signos de interrogación —aqueles que anteceden ás preguntas— mentres que aparece un “que” simultaneamente desprendido e encabalgado á ramaxe d’“Os eucaliptos”:

*QUE ARDÍAN coma naves
nun mar de ouro.
Canto levan aquí?
A quen lle importan?*

No caso do fotograma JMP 151, co certo título de “Fóra do texto”, os versos adquiren todo o seu potencial metapoético no seu traslado ás páxinas d’*Os hemisferios*: agora o poema titúlase “O interior” e non só convoca os paradigmas do ying e do yang —as dúas forzas opostas mais complementarias que se achán en todas as cousas do universo— senón que alude tamén ao que se inscribe, se inclúe e se exclúe no acto mesmo de escribir.

Trinta e sete son os textos que recolle o poemario de María do Cebreiro, onde xunto a viaxes interplanetarias se dan exploracións do proceso poético. Deste modo, xunto aos dialogados e dialoxizantes poemas-planetas (“Neptuno”, “Mercurio”, “Plutón”, “Saturno”, “Urano”, “Terra”, “Xúpiter”, “Marte”, “Venus”), orbitan poemas-satélites como “O espiñeiro”, “O poema”, “Os eucaliptos”, “O interior”, “O sexo”, “O teuxo”, ou “Complementariedade”, que resplandecen pola contida brevidade coa que esconden e expoñen o enlace de contrarios, o desencontro do complementario. Quizais en ningún poema brillen máis estes paradoxos ca en “Complementariedade”, onde os dous prístinos versos alumean o oxímoro, o paradoxo da parella, dese “el” e “ela” enlazados polos inseparables contrarios da vida e da morte:

*Ela tiña a crueldade da vida.
El tiña o acougo da morte.*

Concisión e reflexión, ás veces melancólica, que entende a poesía como territorio de busca e experimentación, que procura dende a poesía novas formas de intervención na realidade. Todo no poemario de María do Cebreiro conflúe para axudar nesta intervención dende un universo interplanetario que metaforiza as interdependencias, as interrelacións de distintas modalidades artísticas circulándose, conectándose. A lectores e lectoras non nos queda senón acollernos a esta intrépida aventura sideral e acompañar a poeta nas súas novas órbitas líricas ■